



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE XANEIRO DO DOUS MIL OITO.**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a María Loureiro García, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a. Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. María Concepción Toral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, D. Guillermo Leal Arias, D^a. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. M^a. Carmen Gueimunde González, D^a. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. Celestino V. García Paz, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

SECRETARÍA

D^a. Sara Martínez Álvarez

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do vinte e oito de xaneiro do dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D^a. Sara Martínez Álvarez, e a do Interventor, D. Fidel García Martul, celébrase a sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTA DA SESIÓN
EXTRAORDINARIA DO DÍA 3 DECEMBRO DE 2007.**

Polo Sr. Alcalde se pregunta aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 3 de decembro de 2007, non producíndose ningunha, polo que se aproba por unanimidade.

2.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCIZO 2006.

Polo Sr. Alcalde outóprgalle o uso da palabra ao Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que dí que van a votar a favor da aprobación.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense:



A do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que dí que despois do examen do documento, considera que cumpre co preceptuado legalmente e que, igualmente, se atopa informada aínda que fai referencia a unhas advertencias do informe do Interventor sobre unhas cuestións que deben ser melloradas para indicar, finalmente, que votan en falta as Contas das Sociedades Municipais.

Despois de que os Concelleiros do BNG, D. José Antonio Goás Basanta e de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, manifestaran o seu voto a favor, polo Sr. Alcalde indícase que vai efectuar unhas matizacións ao Voceiro do PP, sobre as Contas das Sociedades Municipais, xa que indica que as ditas Contas non estaban aprobadas dende o ano 1999; igualmente, dí que respecto á recomendación do Interventor de dotar a praza de Tesoureiro, sinala que se eliminou polo PP e que o seu goberno atendendo ás recomendacións feitas polo PP incluíuna na RPT.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación por dez votos a favor (PS de G-PSOE, BNG e IU-EU) e sete abstencións (PP), acorda prestar aprobación á Conta Xeral do exercicio 2006.

Trasladar copia do presente acordo ao departamento de Intervención.

3.- MOCIÓNS DO PP:

3.1.- ESTUDO DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DO ANTIGO PEIRAO DE VIVEIRO.

Polo Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, dáse lectura á moción que transcrita, literalmente, dí:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Sabemos que existe un compromiso de execución de un proxecto para el antiguo muelle de Viveiro que además de despejar la parcela de galpones que obstaculizan la visión de la ría, favorecería la apertura de la ciudad hacia el mar.

Han sido varios los arquitectos y estudiantes que en julio del 2005 participaron en el taller de arquitectura promovido por el Concello de Viveiro, aportando la posibilidad de crear 800 plazas de aparcamiento en la zona del actual muelle de la ciudad, además de configurar un trazado de espacios de ocio conjugados con jardín de carácter público.

Dado que en Viveiro hay constatados 8675 contribuyentes del IVTM y un total de 367 plazas útiles, cabe reconocer que en el núcleo urbano existe una carencia de aparcamiento que creemos que bien pudiese aliviarse con la integración en dicho proyecto de un parking subterráneo. Por lo que avalados por la opinión de los expertos en la materia creemos necesaria una modificación o ampliación de proyecto pues tales encuentros certifican la viabilidad de la propuesta.

Así mismo, en referencia a la casa conocida como “Casa de Guardamuelles”, edificación empedrada de bella e interesante factura acorde con el entorno, deseamos la



conservación de la misma, no sólo como seña de identidade del lugar, sino también por las posibilidades que ofrecería una vez acondicionada para uso público.

Es por eso que, haciéndonos eco del sentir de una parte de la ciudadanía y atendiendo a estas sugerencias, el Partido Popular propone al Pleno de la Corporación los siguientes acuerdos:

1º Realizar las pertinentes gestiones a fin de someter a estudio la posibilidad de modificación del proyecto inicial incluyendo el parking subterráneo.

2º De la misma manera incluir en el proyecto la llamada “Casa del Guardamuelles”, evitando así su demolición.

Polo Sr. Alcalde ábrese a quenda de intervencións, manifestando que é unha proposta fora de tempo, de lugar e de calquera actividade nese aspecto.

Continúa dicindo que o proxecto ten unha audiencia que é a exposición ao público e ningún Partido plantexou modificación do mesmo; polo que os 3.200.000 €uros que o Servizo de Costas inverte, xa están en marcha e calqueira modificación sería paralizar a obra.

En canto á Casa do Garda Peiraos, foi na súa orixe unha oficina.

En relación co asunto do aparcadoiro, tal e como está no proxecto van 110 prazas en batería (na Casa do Garda peiraos); ademáis dí que non hai que esquencer que non son terreos municipais, polo que a Alcaldía xa fixo as xestións para ese fin e se está a redactar o estudo de viabilidade, co que se atenderamos a esta moción, suporía unha paralización do proxecto.

Intervén, a seguir, o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, dicindo que a moción é extemporánea por non plantexar alegacións no seu momento.

O Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, manifesta que a razón de que o terreo non é municipal, non é obvia para que o Concello non plantexe opcións al proxecto, aínda que ao non presentarse alegacións E respecto ao aparcadoiro soterrado, pregunta: ¿qué o uso está a ter o actual estacionamento?, dicindo, a continuación, que esta pregunta a formula ao Concelleiro de Facenda , parécelle que esa instalación está sendo infrautilizada. Que polo que respecta aos aspectos urbanísticos, non se atopa capacitado para valorar a Casa do Garda pPeiraos.

Nunha segunda intervención do Sr. Leal Arias, indica que a circunstancia de que o seu grupo non fixera uso do trámite da exposición ao público para presentar alegacións, tivo como motivo o de non paralizar a execución do proxecto, xa que entre que non se realice ou ben se execute como agora se contempla, prefiren claramente esta última opción; non obstante, consideran que se se pode mellorar o existente, e que é razón suficiente para que se vote a favor esta moción, o que non supón votar abaixo o propio proxecto. Tamén indica que se fora outra a ubicación do estacionamento, non terían inconveniente en aceptalo. Sinalando novamente que este foi o motivo de non presentar alegacións.



En contestación o Sr. Alcalde dí que entende a boa vontade pero que se se acepta esta moción o feito da paralización se materializaría e que as xestións para unha dotación similar fixeronse por varios concellos de Galicia, e que este foi o motivo de que se realizase o estudo de viabilidade do proxecto, razón pola que o seu grupo reafirmase no voto en contra da moción.

A continuación, procédese a efectuar a votación, resultando rexeitada por dez votos en contra do PS de G-PSOE, BNG e IU-EU e sete votos a favor do PP.

3.2.- CESIÓN DE LOCAIS Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE PÉNJAMO.

Pola Concelleira do PP, D^a. Raquel Atadelle Giz, dáse lectura da moción que, textualmente, dí:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Atendendo a la demanda de los vecinos del barrio de Pénjamo y dada la necesidad y escasos medios de que disponen para lograr un foro de reunión donde debatir democráticamente sus inquietudes y poder alcanzar acuerdos que lleguen a buen puerto, el Grupo Municipal del Partido Popular propone al Pleno de la Corporación la aprobación de los siguientes acuerdos:

1º Se haga efectiva, a la mayor brevedad posible, la cesión de los mencionados locales a las asociaciones de vecinos para desarrollo de actividades lúdico-culturales.

2º Se doten nuevamente las salas con el material tecnológico en principio cedido a dicho centro.”

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que van a votar en contra porque están a favor da proposta, refiríndose, a seguir, a unha pretensión de utliización do local que viña sendo a sede da Policía Local. Que está de acordo que sexa para fins culturais pero non para uso político. Que o local que o goberno bipartito cedeu no seu momento, non vai ser ocupado pola Asociación, xa que hai que contar coa ubicación actual do Arquivo Xudicial. Sinalando que o responsable de Protección Civil pedíu, por escrito, ese local. E que o lugar onde se atopan os calabozos será para sala de Internet. Que os dous locais do “Haley” van a ser para o clube ciclista e outra asociación ao deixalos libres Protección Civil.

Intervén o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, que dí que lembra que o anterior goberno xa o aprobou e, igualmente, o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño sinala que non fai falla outra proposta

Volve a intervenir a Concelleira do PP, Sra. Atadell Giz, para dicir que este asunto o están demandando dende hai tempo e pregunta ao Sr. Alcalde a data para destinalo a local social sen que medien fins políticos.



Resposta o Sr. Alcalde que lles pode pasar as fotos dos carteis que tiñan colgados os integrantes dun partido nese local.

Procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por maioría de dez votos en contra (PS de G-PSOE, BNG e IU-EU) e sete a favor (PP), acorda rexeitar a dita moción.

4º.- **MOCIÓN DO BNG:**

4.1.- **APOIO AO POBO SAHARAUI.**

Polo Concelleiro proponente da moción dáse lectura da mesma, dicindo que só quere suliñar a situación que padecen os saharauis

En primeiro lugar intervén o Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, dicindo que o seu grupo vai a votar a favor da dita moción.

A seguir, intervén a Concelleira do PP, D^a. M^a. del Carmen Gueimunde González, en lugar do Voceiro, para dicir que o seu grupo apoia a moción, xa que sempre está ao carón dos desfavorecidos e o máis coherente cre que sería que se puxeran os medios para tratar de favorecelos aínda que outras administracións e estamentos son as que competencialmente deberían facerse cargo.

O Sr. Alcalde lle responde que o Concello tamén colabora co Pobo Saharai a través do programa de acollemento en época de vacacións.

Nunha nova intervención o Concelleiro do BNG manifesta que Marruecos se está rearmando e que exerce unha situación de forza sobre o Pobo Saharai e que houbo un país que no ano 2007 que lle regalou a Marruecos dúas mil unidades blindadas e neste ano regaláronlles ao prezo dun euro lanzadeiras de bombas de 250 kgs que é un tipo de bomba, dí, de moi baixo custo económico e dunha efectividade grande.

Nunha nova intervención a Concelleira do PP, Sra. Gueimunde, dí que lle gustaría que a moción se fixera extensiva a toda África, ao que o Sr. Goás Basanta responde que a moción ten un contido concreto.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a dita moción que transcrita, literalmente, dí:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vindeiro 27 de febreiro celébrase o 32 aniversario da proclamación da República Árabe Saharai Democrática. Sen embargo, nestes trinta e dous anos, nin a comunidade internacional a través das Nacións Unidas, nin o Estado español como responsable do proceso de descolonización do Sahara Occidental foron quen de garantir o respecto do dereito internacional e o cumprimento das resolucións das Nacións Unidas que recoñen o dereito de autodeterminación do pobo saharai.



Hoxe, os territorios do Sáhara Occidental repartidos en primeira instancia e co beneplácito e complicidade do Goberno español en 1975, entre Marrocos e Mauritania continúan ocupados de maneira legal polo Estado de Marrocos, unha ocupación non recoñecida a nivel internacional por suponer unha vulneración flagrante do dereito internacional. Nestes territorios ocupados, miles de saharauis sufren habitualmente a represión e a violación dos dereitos humanos por parte das autoridades marroquíes, tal e como teñen denunciado non só o Frente POLISARIO, senón tamén organizacións de defensa dos dereitos humanos tanto de Marrocos como internacionais o que ten conlevado declaracións de condena e rexeitamento en ámbitos como Nacións Unidas ou o Parlamento Europeo.

Outra parte da poboación saharai, aproximadamente 15.000 persoas, vive refuxiada en condicións infrahumanas desde hai máis de trinta anos no deserto arxelino, un dos lugares máis inhóspitos e inhábitábeis do planeta, perto da cidade de Tinduf. Nos últimos anos, e coa pretensión de dobrear ao pobo saharai, tense reducido de maneira alarmante, a axuda humanitaria e o programa de alimentos, imprescindibles para a subsistencia dos refuxiados e refuxiadas.

Desde o alto o fogo acordado a principios dos anos 90 teñen transcorrido case 20 anos caracterizados pola oposición sistemática de Marrocos aos diferentes plans de paz formulados por Nacións Unidas que sempre, de maneira inequívoca, recoñeceron o dereito de autodeterminación do pobo saharai para decidir o seu futuro.

Ao longo destas tres décadas, cáseque un centenar de países de todos os continentes teñen recoñecido oficialmente á República Árabe Saharai Democrática, que ademais forma parte da Unión Africana.

Por outra banda, tamén, neste período de tempo teñen sido numerosas as mostras de solidariedade do pobo galego co pobo saharai traducidas especialmente nos centos de familias que todos os veráns a acollen a cativos e cativas procedentes dos campos de refuxiados de Tinduf.

Por todo o dito o BNG propón que o Pleno da Corporación Municipal, facéndose eco do sentir da maioría dos vecinos e veciñas e desde a defensa da legalidade internacional e da solidariedade entre os pobos, adopte os seguintes

ACORDOS

1.- Manifestar o apoio do noso concello ao pobo saharai, expresando a condena pola ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do Sáhara Occidental e reclamando a súa descolonización definitiva a través do exercicio do dereito á autodeterminación recoñecido polas Nacións Unidas. Así mesmo, condenar a represión e a violación dos dereitos humanos nos territorios ocupados do Sáhara Occidental por parte das autoridades marroquíes.

2.- Levar a cabo as seguintes accións:



- a) **Establecer un irmanamento cunha daira saharai, dotando a dito irmanamento contido político, cultura, económico, solidario, etc ...**
- b) **Desenvolver campañas de información e sensibilización social en todo o concello, nos centros de ensino, etc. ...**
- c) **Cooperar directamente coa asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai apoiando as súas actividades (caravana, vacacións en paz, ...).**

3.- Reclamar ao goberno galego e ao goberno español a condena da ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do Sáhara Occidental, o apoio explícito á celebración dun referendo de autodeterminación do pobo saharai e a existencia de cumprimento por parte de Marrocos das resolucións de Nacións Unidas.

4.- Reclamar do goberno español o recoñecemento oficial da República Árabe Saharai Democrática e, así mesmo, o impulso no ámbito internacional do incremento de axuda humanitaria dirixida aos campos de refuxiados de Tinduf.

5. Acordase dar traslado destes acordos ao Presidente e Vicepresidente da Xunta de Galiza, Presidente do gberno español, Ministro de Asuntos Exteriores, Portavoces de Grupos Parlamentarios do Parlamento Galego e do Congreso dos Deputados, Embaixada de Marrocos en España, representante de Frente Polisario en Galiza e Presidente de Solidariedade Galega co Pobo Saharai.”

4.2.- SUPRESIÓN DA TARIFA ELÉCTRICA NOCTURNA.

Polo Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, dáse lectura da moción, e dí que é importante porque afecta a moitas persoas, manifestándose neste sentido outros partidos políticos, así como as organizacións de consumidores e usuarios.

O Sr. Alcalde dí que ademáis en Viveiro afecta especialmente porque o modelo constructivo viña determinado pola obtención do máximo beneficio e se dotaba de acumuladores as vivendas por requirir moi pouca inversión.

Intervén, a continuación, en lugar do Voceiro do PP, D. Celestino V. García Paz, dicindo que ve a moción positiva e que se trata dun tema bastante descoñecido e non vai entrar nos números que se citan na moción, pero lle gustaría insistir en que o Ministerio de Industria tampouco facilita demasiada información e a Consellería de Industria interesouse ante ese Ministerio tratando de que se suavizaran os efectos negativos da supresión desta tarifa polo Decreto 871/2007, xa que os galegos son o vinte por cento do territorio español que teñen a tarifa nocturna. Tamén dí que os usuarios son os máis prexudicado xa que as empresas eléctricas van a ser moi beneficiadas e tamén o Estado co incremento na recaudación do IVE.

Finalmente, indica que os limitadores teñen que cambiarse todo elo unido a o incremento das tarifas eléctricas do 3%, acadando outro incremento despois do mes de abril e refiríndose ao Concello dí, que outro asunto é o do alumeadado público que ten unha tarifa especial e que ata o momento descoñecen se vai resultar afectada.



Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a citada moción que transcrita, literalmente, dí:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Dende o ano 1983 estableceuse, no Estado Español, a denominada Tarifa Eléctrica 2.0N (coñecida como Tarifa Nocturna). Esta tarifa basease na filosofía de primar o consumo nas horas nocturnas, onde a potencia consumida no conxunto do sistema eléctrico é menor.

Esta tarifa ten un desconto do 55% nas horas nocturnas e un recargo do 3% nas horas centrais do día. E favorece o consumo de determinados electrodomésticos como os acumuladores, lavadoras, lavalouzas, quentadores de auga, etc, que se poden usar de noite.

A tarifa nocturna busca un consumo enerxético máis responsable e solidario, e obrigou á instalación nos fogares de determinados equipamentos, cun elevado custe de investimento, como foron os acumuladores eléctricos.

O termo de potencia contratada, que é un concepto fixo, na factura eléctrica, estímase en 5,3 Kw de media para os clientes desta tarifa.

Actualmente no Estado hai, aproximadamente, 1 millón de clientes desta tarifa, no caso de Galiza, debido a súa climatoloxía que obriga ao uso dun sistema de calefacción eficiente, temos uns 160.000 usuarios/as, é dicir o 16% do conxunto do Estado.

A tarifa nocturna mantívose sen modificacións dende o ano 1983 até o ano 2006, no que xa non permitíu novas altas baixo esta tarifa, máis o cambio fundamental está en que “Os/As consumidores/as acollidos/as a esta (tarifa nocturna) deberán comunicar á empresa distribuidora antes do 1 de xullo de 2008, a nova tarifa á que desexen acollerse. Unha vez transcorrido o prazo, sen que o/a cliente solicite as novas condicións do contrato, a compañía distribuidora aplicará automaticamente outras tarifas de acordo coa potencia contratada”.

É dicir, a partires do 1 de xullo do 2008 desaparece a Tarifa Nocturna.

Con este Real Decreto obrígase aos/as clientes con esta tarifa a contratar unha nova potencia, superior á que tiñan no consumo das horas punta e a un incremento do prezo sobre o consumo que tiñan nas horas punta, xa que pasan dun recargo do 3% a un 35%. En conxunto o incremento que poden padecer, na factura eléctrica, pode chegar ao 49%.

Na nova Orde de Tarifas Eléctricas existe a nova Tarifa de Discriminación Horaria, máis, para acollerse a esta nova tarifa, os/as usuarios/as de Tarifa Nocturna deben asumir integramente os custes do cambio, que son cantidades importantes e que



están estimadaas entre 400 e 500 €uros por cliente. Uns 200 €uros se gastarán no cambio de limitadores de potencia e outros 200 ou 300 €uros, na adaptación dos sistemas de calefacción, que deberán cambiar as actuais resistencias por outras de menor potencia, ou ben, establecer dous circuitos de calefacción independentes entre si.

Asemade, unha vez realizadas as modificacións precisas, na nova Tarifa de Discriminación Horaria, haberá que pagar por un maior incremento da potencia contratada, que é unha parte fixa da factura eléctrica, isto terá un efecto especialmente negativo en Galiza, pois haberá que contratar unha potencia que se emprega fundamentalmente no inverno (polos acumuladores eléctricos), e se continúa pagando na primavera e no verán, cando non se necesita tanta potencia isto coa Tarifa Nocturna non pasaba.

Como vemos, esta nova regulación das tarifas eléctricas, vai supor un importante gasto nas economías familiares, se temos en conta a media salarial e de pensións en Galicia; asemade o Goberno do Estado, non contempla na nova regulación, ningunha medida de compensación, nin reparte cargas entre usuarios/as e empresas distribuidoras que, en definitiva, serán as grandes beneficiarias.

Por este motivo, o grupo municipal do BNG solicita a aprobación polo Pleno da Corporación do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a que demande do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o mantemento dunha tarifa con características semellantes á nocturna e a gratuidade do cambio de limitadores, así como a creación de liñas de subvención para os custes de adaptación dos equipamentos das vivendas de usuarios/as de Tarifa Nocturna que desexen acollerse á Tarifa con Discriminación Horaria.

5º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde dá conta dos Decretos asinados dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno; producíndose a intervención do Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, que pregunta pola exención do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) ¿hai control ou revisión da exención do dito Imposto?.

O Sr. Alcalde resposta que sí, na oficina de Recaudación.

O Sr. Goás Basanta pregunta porque se fai unha notificación a unha persoa falecida.

O Sr. Alcalde resposta que se un beneficiario falece e non se comunica, unha vez detectado habería que proceder á devolución.



Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete) acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS:

6.1.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS POLO GRUPO DO PP.

1º A iluminación nova posta no campo de fútbol de cantarrana hai xa algún tempo non aluma debido a que tan so puxeron os postes de hormigón e os focos alóxenos pero o que están e sen mangueiras por enganche e corrente ¿Para cando se van poñer a funcionar?.

Polo Sr. Alcalde respóstate que para que fora posible levar a cabo o obxecto da subvención, o Concello ademáis de aportar a cantidade económica correspondente, tivo que rematalo nun tempo record.

2º Seguindo no campo de Cantarrana, a cuberta da grada norte (de contra a praia), foi sacada polo perigo de caer polo seu deterioro. Na 1ª visita oficial do Sr. Presidente da Depùtación de Lugo ao noso Concello, dixo que o Sr. Alcalde lle pedira a cuberta para dita grada ¿Cando se vai repoñer a cuberta e así mesmo adecentar o muro de fora do campo cara ao paseo que presenta un aspecto deplorable e de abandono en canto á pintura dos anuncios?.

Contesta o Sr. alcalde que é verdade que se pidú á Deputación, pero o mantemento non é responsabilidade do Concello aínda que se preste a colaboración que se poida. Indica que se retirou a cuberta da grada norte e gracias a eso non o levou o temporal.

3º No verán pasado escomenzaron as obras de reforma de vestiarios no pabillón municipal. A esta data aínda están as obras sen rematar ¿A que é debido este retraso nas obras? e ¿Para cando se pensan ter rematadas ditas obras?.

O Sr. Alcalde dí que durante o goberno bipartito levaranse a cabo obras cunha subvención da Xunta de Galicia de 27.283,08 euros, dos cales o Concello aportou 13.000. Que as obras consistiron na separación dos vestiarios. Que as obras previstas atópanse executadas, aínda que se triplicou o Orzamento porque se fixeron uns vestiarios extraordinarios.

4º No novo campo municipal de fútbol hai tempo que uns vándalos fixeron anacos (queimaronna), a furgoneta que se utilizaba para remolcar a pisón do céspede. A esta data a furgoneta segue alín, dentro das instalacións, ¿en base a que motivo?, e agora segundo temos entendido o coche que a remolca ven do estadio de Cantarrana sen seguro nin imposto municipal de circulación, ¿isto é certo? e ¿de haber un accidente quen vai pagar?.



Resposta o Sr. Alcalde dicindo que a furgoneta atópase alí ata que se despece e que foi queimada e que a información, á que alude, é falsa e tendenciosa e que non é o caso que se dí..

5º ¿Quen, como e cando se lle prorrogou o contrato ao Sr. CORTÓN?.

O Sr. Alcalde resposta que ao Sr. Cortón contratouse para informar as licenzas que tiñan transcorrido o prazo do silencio administrativo e cando remate o traballo, terminará os seus servizos. Igualmente, indica que foi dictaminada favorablemente por todos os grupos a contratación.

6º Temos coñecemento dunha reunión entre alcaldes e representantes da Mariña para negociar conxuntamente un bus que percorra a comarca ¿en que punto exactamente se atopan estas negociacións?.

O Sr. Alcalde contesta que as negociacións continúan, pero que o Concello de Viveiro moveu ficha e xa paga o 50% do importe, estándose a facer coa empresa “Autobuses Morán”.

7º Suspendido o 20 de setembro do 2007 o Pleno no que figuraba como puntos da orde do día o nomeamento e aprobación de contas de “TURVIVEIRO” e “APARCAMIENTOS A MARIÑA” ¿Cando teremos contas de ámbalas dúas asociacións?.

O Sr. Alcalde dí que as primeiras entregáronse a todos os grupos políticos. Que no caso de “Aparcamientos A Mariña, S. L.”, lembra que non están aprobadas dende o ano 1999.

8º Os veciños de Jesús Noya e Cecilio Bedia, antes Misericordia 37 e 39, agradecidos pola intervención nas súas rúas pero decepcionados co seu acabado, preguntan si esa capa de aglomerado é a solución definitiva ao adecentamento da zona.

O Sr. Alcalde responde negativamente, que a obra recepcionouse e se fundiu porque o recheo se fíxo con material indebido.

9º ¿Canto nos supón aos viveirenses a montaxe do Belén no adro de Santa María e na Praza Maior? ¿Pagamos a man de obra ou tamén o material?.

O Sr. Alcalde dí que supón moito traballo motar o nacemento. Que o primeiro ano o instalou a Asociación Casco Histórico e despois foi o Concello e a factura deste ano aínda non a enviaron e que o Concello asume o man de obra e unha parte do material.

10º Nos barrios de Covas: Pena, Lapido, Pereira e Nogarido atópanse as pistas en mal estado. Carecen ademáis de alumeado adecuado para o seu tránsito. ¿Pensa o goberno local reparar estas deficiencias? ¿Cando?.



O Sr. Alcalde contesta que xa se está a traballar no asunto e que a derradeira semana se traballou en Castelo-Magazos e continuarán por Covas e Escourido, porque Soutullo o executa “Trasca”.

11º Os vecinos de Campo de Urraca preguntan si o nivel do vial volverá a ser o inicial baixo a ponte de FEVE ¿dispón este concello de licencia de FEVE para intervenir neste espacio?.

O Sr. Alcalde dí que hai un certificado do Técnico municipal e que o responsable de FEVE informou que non afecta a ese Organismo.

12º A rúa que vai en Covas dende a fonte de Suasbarras ao centro sociocultural (antigo colexio público) atópase en mal estado ademáis de ter graves problemas de saneamento, o que provoca inundacións nos arredores ¿Procederáse a algún tipo de intervención nesas zona? ¿Cando?.

O Sr. Alcalde resposta que máis que producir inundacións o que ocorre é que o peralte leva a auga ás casas.

13º Unha vez se traslade a policía local ¿Recuperarán os vecinos de Pénjamo o seu centro sociocultural?.

Contesta o Sr. Alcalde que xa se tratou.

14º ¿Cando está prevista a instalación do reemisor da antena de TDT?.

O Sr. Alcalde dí que se pediron tres orzamentos e que hai que poñer aos doce repetidores.

15º Por motivos de seguridade vial en carreteras e pistas no Concello é moi necesaria a suxeición de colectores de lixo e plásticos ¿Remataranse de inmediato?.

Contesta o Sr. Alcalde que non antes de todo o tempo que levan.

16º Na avenida da Mariña levan soterrados colectores varios anos sen operatividade ¿Pénsase na súa posta en marcha?.

Resposta afirmativamente, o Sr. Alcalde, que falou co novo Delegado de Medio Ambiente e que a recepción está asinada.

17º No barrio da Pereira en Covas vaise instalar un depósito de gas.

1. ¿Que empresa levará a supervisión técnica?.
2. ¿Cumren as instalacións os requisitos necesarios para a súa licenza de obra?.
3. ¿Están contempladas as medidas de emerxencia para a zona en cuestión?.



O Sr. Alcalde resposta que a empresa é “Repsol Gas” e indica que “Gas Natural interesouse para o servizo de Celeiro; indicando que non se pode dar licenza se non reune os requisitos.

18º En moitos concellos estanse a utilizar enerxías alternativas nos distintos edificios oficiais ¿Ten o goberno local algún proxecto de instalación de enerxía solar térmica ou fotovoltaica?.

Contesta afirmativamente o Sr. Alcalde dicindo que o financia ao 100% a Consellería de Innovación e Industria e o proxecto redactouse sin custo.

19º A Casa Agraria de Magazos está abandonada e deteriorada ¿Ten interese o goberno local en cedela para uso veciñal?.

O Sr. Alcalde responde que o compromiso é para organizacións agrarias e que, en tal sentido falaron coa Consellería de Medio Rural.

20º ¿Cando poderemos disfrutar da sala de exposicións na Praza de Pastor Díaz recentemente alugada? ¿Está prevista a súa rehabilitación? ¿Para cando a apertura?.

O Sr. Alcalde dí que se está redactando un proxecto para proceder ao peche da antiga sala de exposicións do Convento de San Francisco e desa maneira que a UNED dispoña dun maior espazo.

Polo Voceiro do PP, Sr. Leal Arias se pregunta ao Sr. Alcalde se vai contestar ás preguntas presentadas o día 30 de novembro e, seguidamente, interésase porque non figura na Orde do Día a moción presentada polo seu grupo sobre un parque infantil.

Polo Sr. Alcalde respótese que se non teñen inconveniente as incluírá nun próximo Pleno, a continuación por Secretaría se indica que non tivo coñecemento antes da convocatoria do Pleno dos referidos asuntos.

6.2.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS POLO GRUPO DE IU-EU.

“1.- A pesares do tempo transcorrido, o camiño do Coto en Magazos, segue sen ser aberto, sorprende esta situación xa que non hai ningún impedimento a que se abra, como sucede noutros sitios. Vaise abrir algún día este camiño?.

Polo Sr. Alcalde respótese que o Tenente de Alcalde Sr. Fernández Cal xa está traballando no asunto.

2.- Que motivo hai para que a Empresa que xestiona o Servizo Municipal de Augas tarde tanto tempo en reparar os pavimentos, co conseguinte perigo que leva esta situación para os caminantes e o tráfico rodado?.

O Sr. Alcalde contesta que non hai ningún motivo.



3.- Ten vostede Sr. Alcalde coñecemento do abandono que hai de distintos coches na vía pública, e si é así, cal é o motivo polo cal non se retiran?.

O Sr. Alcalde dí que o Inspector Principal tivo orden de retirada, pero dixo que hai que desaloxar outros que se atopan depositados no estacionamento soterrado e tamén na Feira.

4.- A urbanización do Campo da Pascua en Covas, formou parte do convenio urbanístico asinado no seu momento. Recollía ese convenio o deterioro a que está sendo sometido dito Campo?.

5.- Con motivo dunha obra que se está a facer na Avenida de Vilalba, destrozouse o pavimento e un valado ocupa parte da calzada. Quen ten que reparar estes danos e para cando dita reparación?.

O Sr. Alcalde resposta que xa foi contestada noutra sesión Plenaria, engadindo que no momento que se termine a obra que se repoñerá.

6.- Rogámoslle o Sr. Alcalde, que solicite a posibilidade de colocar en distintos lugares do Concello uns recipientes para a recollida de pilas.”

Polo Sr. Alcalde contéstase que o Tenente de Alcalde Sr. Fernández Cal negocie con “Ecoembes” a entrega de colectores de recollida de pilas.

Polo Sr. Alcalde á pregunta do citado Concelleiro sobre un buzón de correos, resposta que foi solicitado hai un mes e que aínda Correos non contestou.

ROGO: Que se arranxe a balaustrada caída da ponte de FEVE que supón un perigo.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos, esténdendose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.